

PROGRAMA DE EMPODERAMENTO DE MULLERES EN TIRUCHY

Informe anual 2013

1. INTRODUCCIÓN

O Programa de Empoderamento de Mulleres en Tiruchy funciona dende agosto de 2008 en cinco suburbios e cinco aldeas deste distrito de Tamil Nadu. O programa ten un enfoque integral e entre as súas actividades destacan a creación de grupos de axuda mutua entre as mulleres, as actividades para a promoción da igualdade de xénero e aquelas de tipo educativo e sanitario. Os avances dende o inicio do programa son xa significativos e neste ano o foco principal de atención foi o reforzo das estruturas comunitarias que deben dar continuidade ao traballo, é dicir, os consellos de aldea/suburbio e o consello comunitario. A comunidade, ao final do programa, quedou en situación de poder manter as actividades de xeito autónomo. Durante 2014 farase unha avaliación de impacto. A continuación preséntase o informe de actividades de 2013, último ano do programa.

2. ACTIVIDADES

2.1. Iniciativas de empoderamento das mulleres

Este é o tema central do programa e como tal concentra o maior número de actividades. Estas actividades buscan tocar todos os aspectos que levan á discriminación das mulleres e á creación dunha orde social na que non poden exercer os seus dereitos. O programa opta pola aplicación da metodoloxía dos grupos de axuda mutua (GAM) como elemento central grazas ao cal se poden traballar aspectos económicos, sociais, políticos e de xénero. Os grupos de axuda mutua son asociacións de mulleres, entre 12 e 20, que se reúnen de forma mensual para tratar problemas comúns e para aforrar dos seus propios cartos. Este fondo vaise rotando en créditos que as mulleres mesmas deciden a quen dar, con que interese con que prazos de devolución. É unha forma endóxena de que as mulleres teñan acceso ao capital para negocios ou necesidades correntes do día a día. Igualmente, cumpre unha importante función en canto ao empoderamento das mulleres, dado que proporciona unha plataforma común dende a cal solucionar problemas tanto persoais como sociais das súas integrantes ou da comunidade en xeral. Os grupos son unha fonte de apoio mutuo para as mulleres e melloran a súa autoestima e capacidades de acción política.

2.1.1 Promoción e reforzo dos grupos de axuda mutua

Durante todo o programa o equipo traballou para crear e reforzar os GAM. Ao final deste ano están en marcha **cincuenta e sete GAM** que inclúen a **808 mulleres** e teñen un **aforro total de 36.270 € (Rs. 3.026.830)**. Durante este último ano formáronse nove grupos novos cunha base de integrantes de 135 mulleres. Todos os grupos teñen a súa conta bancaria. Ademais, o equipo do programa tamén apoia os grupos que están presentes en suburbios e aldeas próximas para que. Estes grupos son 82 e contan con 1381 integrantes cun aforro total de 83.136 €. Así, o traballo do equipo do programa apoia en total a **139 grupos que aglutinan a 2189 mulleres e contan cun aforro total de 119.406 €**.

Para que os grupos funcionen de forma correcta o programa puxo en marcha diferentes formacións e sesións orientativas. En total durante este ano 77 mulleres participaron en

sesións orientativas sobre a formación dos GAM, número de integrantes, papeis e responsabilidades, como preparar as actas, procedementos para o aforro interno, como organizar unha xuntanza, manter a contabilidade, a importancia de auditar as contas, etc. Estas sesións axudan ás integrantes a comprender mellor o funcionamento dos GAM e a como xestionar e reforzar o grupo, ademais de a comprender mellor os beneficios de ser parte del.

Ademais, durante este ano organizouse unha sesión formativa de 2 días tanto na zona rural como urbana para a formación específica das secretarias e representantes dos grupos para o mantemento da contabilidade e a cohesión grupal.

Igualmente, o grupos que levan funcionando seis meses teñen a posibilidade de obter crédito bancario. A dirección dos bancos avalía os grupos segundo unha serie de indicadores de rendemento que inclúe o número de xuntanzas, o entendemento das integrantes das decisións tomadas en acta, asistencia, xestión correcta da contabilidade, status de pagamento dos crédito interno e o rendemento xeral do grupo.

Durante o período do informe, doce grupos conseguir vínculo bancario, é dicir, crédito grupal para poder rotar e aumentar así o capital propio. Seis grupos da zona rural recibiron fondo rotatorio por un importe de 7.190 € dun dos bancos de Thuvrankurichi e 6 grupos dos suburbios recibiron 20.800 € como crédito para poñer en marcha actividades de xeración de ingresos por parte do Indian Bank. Ademais disto, os grupos que están en suburbios adxacentes aos do programa tamén recibiron vínculo bancario que beneficio a 258 mulleres de 17 destes grupos con 80.000 € de diferentes bancos grazas ao apoio loxístico do persoal do programa.

2.1.2. Capacitación laboral

O programa organiza capacitación laboral para que as mulleres poidan adquirir novas capacidades que lles ofrezan acceso a mellores traballos. O programa organizou doce cursos de formación deste tipo, 2 de forma independente e 10 dentro do módulo complementario "A súa voz", financiado polo Fondo Galego de Cooperación e do que xa se presentou un informe á parte.

Os cursos organizados dentro do programa foron:

Fabricación de bixutería

Organizouse un curso de dous días en fabricación de bixutería para 14 mulleres da zona rural. Este curso foi impartido por Muthulakshmi, unha das beneficiarias do programa que habita nun dos suburbios e que despois de ser formada polo programa amosou moi boas capacidades como formadora.

Fabricación de compresas

As formadoras Sathiyavani e Jaculeen organizaron un curso de formación de un día sobre fabricación de compresas no que participaron 12 mulleres dos grupos

Ademais, o programa ten en marcha un centro de aprendizaxe comunitaria que imparte cursos de costura e informática para as mulleres e mozas da zona rural do programa. Durante este período 97 mulleres e mozas recibiron formación en informática e impresión dixital e 42 mulleres e mozas asistiron a clases de costura.

2.1.3. Programa de xeración de ingresos

O programa inclúe tamén un fondo rotatorio propio para ofrecer apoio a aquelas mulleres que queren poñer en marcha un negocio. Así, durante este ano 18 mulleres recibiron apoio deste fondo, que distribuíu unha cantidade de 1054 €.

2.1.4. Celebración do 8 de marzo

As mulleres dos grupos de axuda mutua organizaron as celebracións do 8 de marzo para amosar a súa participación no movemento feminista internacional. Este ano celebraron os seus actos no Roshan Mahal de Tiruchy, onde se reuniron 650 mulleres do programa. Os actos do día trataron diversos temas como a violencia, a igualdade de xénero e tamén se levou a cabo unha manifestación que foi encabezada pola profesora A. Puratchikodi, profesora do departamento de tecnoloxía farmacéutica da Anna University de Tiruchy. A manifestación pasou polo centro da cidade e regresou ao lugar da xuntanza onde tamén falon ante as mulleres a Dr. K. Kanaga, Directora do departamento de Traballo Social do Cauvery College for Women, a Profesora Saraswathi da Escola de enxeñería de Tiruchy, a Dra. N. Manimekalai, do departamento de estudos das mulleres da

Universidade Bharathidasan de Tiruchy, Sathiyavani, tesoureira do Consello Comunitario de Tiruchy e outras persoas acompañadas de J. Kavitha, tesoureira de PDI, que pechou o acto. Neste déronse tamén premios ao voluntariado de xénero e aos grupos que tiveron mellor rendemento.

Tamén na zona rural se celebrou o 8 de marzo, aínda que os actos se adiaron ao día 9. Na manifestación participaron 250 mulleres que percorreron Thuvrankurichi na primeira manifestación do 8 de marzo que se presenciara na vila. O traballo continuou nunha xornada na que exerceu de convidada de honra a poeta e política Salma. Tamén se organizou un debate no que ela exerceu de moderadora e logo entregáronse os premios ás gañadoras dos concursos de debuxo, oratoria e narracións organizados co gallo do 8 de marzo. María Reimóndez, a fundadora de Implicadas tamén participou no programa e animou ás mulleres a continuar o camiño.

2.1.5. Obradoiro de creación literaria e escrita

PDI e Implicadas organizaron un obradoiro de creación literaria para as mulleres dos suburbios do programa o día 13 de marzo na oficina do programa. O obxectivo era capacitar ás mulleres para que poidan expresar as súas ideas mediante diferentes formas, dende os relatos curtos aos poemas pasando por pezas de opinión. Este obradoiro desenvolveuse durante dous días e contou coa moderación da autora támara Sukirtharani. Durante o primeiro día presentáronse as diferentes formas de escrita e as capacidades que esixe cada unha. No segundo día as mulleres tiveron tempo e apoio para escribir os seus propios relatos, poemas ou opinións sobre os temas que lles preocupan. A moderadora compartiu a súas experiencias como escritora dende a infancia e tamén animou ás mulleres a ler para mellorar as súas capacidades de escrita. Tamén animou ás mulleres a pensar novas palabras ou expresións á hora de escribir. Para isto realizou pequenos exercicios nos que se podían asociar palabras (por exemplo "lúa") a cousas moi diferentes e non só ás evidentes (ceo, terra, etc). Tamén animou ás mulleres a escribir de forma regular e de levar sempre papel e boli para poder anotar o que se lles fose ocorrendo. As mulleres tamén recibiron orientación sobre como titular as súas pezas. As mulleres presentaron as súas pezas ao final do obradoiro, no que tamén participou María Reimóndez.

2.1.6. Obradoiro de fotografía para as mulleres

PDI e Implicadas organizaron un obradoiro de fotografía para as mulleres dos suburbios o 23 de marzo de 2013 na oficina de PDI. O obxectivo era capacitar as mulleres para que aprendesen a usar cámaras de fotos e animálas a participar no concurso de fotos de Implicadas. Asistiron 12 mulleres a este obradoiro de 2 días (23 e 25 de marzo). A Dra. Subha, fotógrafa afeccionada e profesora do departamento de estudos das mulleres da Universidade Bharathidasan de Tiruchy foi a persoa que impartiu o obradoiro.

2.2. Centro de atención ás mulleres

No mes de xaneiro de 2010 Implicadas ofreceu unha doazón especial de 2750 € a PDI para poñer en marcha un Centro de Atención ás Mulleres en Tiruchy. O obxectivo principal do centro é "apoiar ás mulleres que se atopan en situación de crise, orientalas, ofrecer apoio psicolóxico para enfrontarse aos seus problemas e axudalas na xestión legal destes". O centro co apoio do voluntariado de xénero e das mulleres dos grupos de axuda mutua, ademais do persoal dos diferentes programas de PDI, identifica a mulleres en situación de necesidade que poden beneficiarse dos servizos do centro. O centro ten unha coordinadora a tempo total que visita as aldeas e suburbios para coñecer os problemas das mulleres co apoio do voluntariado de xénero. O centro traballa coas comisarías e os servizos legais gratuítos.

Neste ano, a maioría das mulleres que acudiron ao centro foi por conflitos de parella e violencia de xénero, ademais de por violencia por parte da familia política, acoso por parte do home, etc.

Casos derivados a apoio psicolóxico	Casos derivados a policía	Casos derivados a asistencia legal	Casos en seguimento
73	6	9	16

Ademais deste traballo, neste ano organizáronse dous eventos de educación legal con diferentes departamentos de Tiruchy en V.M. Pettai e Ramamoorthy Nagar. Asistiron 162 mulleres e recibiron orientación por parte de avogadas sobre os seguintes temas:

- Importancia de obter os certificados de nacemento e defunción
- Importancia de rexistrar legalmente o matrimonio
- Lei contra a violencia de xénero
- Dereitos básicos das mulleres
- Dereitos de manutención
- Lei de matrimonios especiais (intercasta, interrelixiosos, etc)
- Adopción

O centro tamén organizou os actos do 25 de novembro en colaboración coas autoridades do distrito. O xuíz P. Velmurugan asistiu ao acto e diversas avogadas compartiron información coas case 125 mulleres e voluntariado de xénero dos suburbios que participaron o programa. A coordinadora do centro, Jaibaby, realizou o discurso de benvida e presentou o centro a todas as persoas presentes.

2.3. Actividades educativas

No marco integral do empoderamento a educación ten un papel principal tanto para a infancia como para as persoas adultas, en particular para as mulleres. Así, son varias as actividades organizadas para reforzar o concepto do empoderamento tamén dende este enfoque.

2.3.1. Actividades educativas para a infancia

Por unha banda, as **clases de apoio** para as nenas e nenos que se desenvolven cada tarde despois da escola e que axudan a que poidan aclarar as súas dúbidas. No caso específico das nenas moitas delas agárdase que axuden cos labores da casa e non teñen tempo de dedicarse aos estudos. Igualmente, reciben pouco apoio en xeral das familias dado que moitas delas son persoas analfabetas. As clases son mixtas para promover a idea da coeducación. As animadoras dedícanse todos os días a orientar ás nenas e nenos para que

poidan mellorar na escola e tamén fan un seguimento dos seus resultados académicos. Esta actividade superou con creces os obxectivos propostos dado que se calculaba chegar a un total de 300 crianzas, como mínimo a metade nenas, e chegouse finalmente a 207 nenas e a un total de 378 crianzas. Os resultados por suburbio/aldea poden verse a seguir

Clases de apoio

Zona	1º Trimestre			2º T			3º T			4º T		
	Os	As	T	Os	As	T	Os	As	T	Os	As	T
Jailpettai/Kalpalayam	16	14	30	11	13	24	11	16	27	14	18	32
V.M.Pettai	12	16	28	12	17	29	12	15	27	13	15	28
Sathiya Nagar	12	18	30	12	15	27	13	19	32	15	16	31
C.S.Nagar	11	17	28	10	17	27	15	15	30	11	19	30
M.M.Kovil street	7	13	20	9	14	23	9	16	25	10	16	26
TOTAL	58	78	136	54	76	130	60	81	141	63	84	147
Aathupatty	16	14	30	15	15	30	14	16	30	14	16	30
Kallakampatty	36	30	66	31	30	61	30	30	60	28	30	58
Ammapannai	12	23	35	14	29	43	15	26	41	13	26	39
Thulukampatty	37	32	69	33	34	67	30	35	65	30	35	65
Thethur	19	24	43	21	21	42	20	21	41	20	20	40
TOTAL	120	123	243	114	129	243	109	128	237	105	127	232

Ademais, o programa busca a interacción coas familias e é por iso que se organizan xuntanzas entre o profesorado e as familias. Neste ano organizáronse 120 para compartir o avance educativo das crianzas. A seguinte táboa amosa os datos desta actividade.

Xuntanzas de profesorado e familias

Zona	1ºT			2ºT			3ºT			4ºT		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
Kalpalayam	0	32	32	0	38	38	0	34	34	0	32	32
V.M.Pettai	0	33	33	0	33	33	0	31	31	0	30	30
Sathiya Nagar	0	47	47	0	42	42	0	42	42	0	43	43
C.S.Nagar	0	35	35	0	36	36	0	33	33	0	35	35
M.M.Kovil street	0	36	36	0	34	34	0	39	39	0	36	36
TOTAL	0	183	183	0	183	183	0	179	179	0	176	176
Aathupatty	0	40	40	0	38	38	2	45	47	4	40	44
Kallakampatty	8	49	57	0	58	58	2	60	62	4	58	62
Ammapannai	6	54	60	0	45	45	0	54	54	0	56	56
Thulukampatty	22	64	86	4	50	50	0	59	59	0	61	61
Thethur	17	66	83	2	52	54	0	67	67	0	69	69
TOTAL	53	273	326	6	243	249	4	285	289	2	284	292

Neste período tamén se proxectaron vídeos educativos para a infancia que se centraron na importancia das nenas, a igualdade de xénero e a importancia da saúde e da educación.



Finalmente, organizouse un campamento de verán de 3 días para todo o alumnado das clases de apoio os días 16 a 18 de maio coa colaboración da escola TELC de Tiruchy. Participaron 55 nenas e 30 nenos (85 en total). Estes días realizáronse clases de ioga, pintura, manualidades con papel, realización de felpudos de la, mellora da memoria, información sobre saúde menstrual, xogos de sensibilización de xénero, etc. Contactouse coas seguintes

persoas para que desenvolvesen as actividades:

Ioga –Ms. Lakshmi

Artesanía en papel- Mr.Palani

Artesanía xeral –Ms.Vanmathi

Traballo con la-Ms.Regina

Memoria-Mr.R.R.Ganesan

Saúde menstrual e xénero– Ms.K.Jesintha

Xogos-Ms.Bobby

Todo o programa foi organizado grazas á mobilización de recursos locais. O local cedeuno gratuitamente a escola e a comida foi ofrecida por diferentes persoas. O persoal deu acumulado 360 €

2.3.2 Educación para persoas adultas

Este programa céntrase en apoiar a que persoas analfabetas, especialmente mulleres, poidan conseguir uns rudimentos de lectoescritura básicos na súa lingua materna, o támara. A animadora pon clases polas tardes que é cando a maioría das mulleres teñen algo de tempo. Neste ano 49 mulleres e 1 home recibiron este tipo de apoio e conseguiron a prender a ler palabras sinxelas.

Educación para persoas adultas

Zona	1ºT			2ºT			3ºT			4ºT		
	M	F	T	M	F	T	M	F	T	M	F	T
Kalpalayam	0	2	2	0	2	2	0	2	2	0	3	3
V.M.Pettai	0	3	3	0	4	4	0	3	3	0	3	3
Sathiya Nagar	0	2	2	0	3	3	0	3	3	0	3	3
C.S.Nagar	1	7	8	1	5	6	1	5	6	1	6	7
.M.Kovil street	0	5	5	0	4	4	0	5	5	0	5	5
TOTAL	1	19	20	1	18	19	1	18	19	1	20	21
Aathupatty	0	5	5	0	5	5	0	5	5	0	3	3
Kallakampatty	0	7	7	0	6	6	0	6	6	0	6	6
Ammapannai	0	6	6	0	6	6	0	6	6	0	5	5
Thulukampatty	0	5	5	0	7	7	0	7	7	0	6	6
Thethur	0	8	8	0	8	8	0	8	8	0	4	4
TOTAL	0	31	31	0	32	32	0	32	32	0	24	24

2.4. Actividades sanitarias

Como parte do seu enfoque integral o programa tamén busca promover a saúde das mulleres e crear espazos para que as mulleres poidan atender á súa propia saúde, prestando especial atención a cuestións de saúde reprodutiva. A saúde interactúa tamén cos dereitos das mulleres, pois o feito de que as mulleres poidan ter dereito sobre o seu propio corpo e decidir se queren e cando queren ter descendencia axuda a que as súas posibilidades de emprego e sobre todo a súa saúde melloren. Outro aspecto ao que se prestou atención foi ao de saúde menstrual dado que moitas mulleres aínda usan trapos para a regra, o que implica importantes problemas de saúde do sistema reprodutor.

2.4.1. Saúde pre e post natal

Neste marco o programa prestou atención á saúde pre e postnatal dentro do cal se fixo seguimento a mulleres embarazadas e tamén se deu orientación específica a 67 mulleres sobre cuidados durante este período. Igualmente tamén se difundiu información sobre planificación familiar e 15 familias adoptaron medidas permanentes de control da natalidade.

2.4.2. Campo médico de saúde xeral

durante este ano organizáronse tres campos de saúde xeral en Aathupatti, Edamalaipattiputhur e Kalpalayam xunto co Child Jesus Hospital de Tiruchy. En total atendeuse a 238 mulleres, 94 homes, 100 nenas e 60 nenos. Tamén se distribuíron medicinas gratuítas que receitaron os equipos médicos voluntarios nos que colaboraron os seguintes doutores e doutoras: Dr. Rahul, Dr. Venkatesan, Sr. Dr. Vijaya, Dr. Karthik, Dr. Sivakumar & Dr. Rajendren fe a enfermeira Isabella. O persoal foi quen de mobilizar doazóns para cubrir os gastos do equipo médico.

2.4.3. Programas de sensibilización sanitaria

Neste período desenvolvéronse 10 programas de sensibilización sobre saúde menstrual ao que asistiron 185 mulleres para coñecer cuestións relativas á regra, a hixiene durante o período, uso de compresas, etc.

Igualmente durante este ano organizáronse 13 sesións sobre VIH/SIDA ás que asistiron 181 mulleres para coñecer as vías de transmisión da SIDA e as terapias para o VIH. Igualmente o 7 de decembro se celebraron actos polo Día Mundial da SIDA

Tamén se fixeron outros 18 programas sobre tuberculosis aos que asistiron 366 mulleres e homes para coñecer esta enfermidade, medidas preventivas, curativas, etc. Tamén se celebrou o día internacional para a erradicación da tuberculose (24 de marzo) na zona rural do proxecto.

2.4.4. Voluntariado sanitario

O voluntariado sanitario desempeña un papel fundamental como axentes de cambio nas comunidades. Traballan coas animadoras e derivan a persoas enfermas aos centros de saúde próximos, organizan os campos sanitarios e campañas de sensibilización. Neste ano recibiron formación permanente sobre estas cuestións. Neste momento hai 20 voluntarias sanitarias traballando nos suburbios.

2.5. Reforzo das estruturas comunitarias

Dende o segundo ano do programa, o persoal comezou a formar Consellos de suburbio e de aldea. Durante o terceiro ano completouse este proceso e neste ano o persoal utilizou as xuntanzas regulares dos consellos para asegurar que as actividades continúen despois da retirada de PDI e de Implicadas. Dúas veces ao mes organizáronse xuntanzas e



representantes destes consellos participaron na organización de todas as actividades do programa. Este ano, ademais, despois da avaliación realizada por María Reimóndez, reorganizouse a representación nos consellos para asegurarse de que son as mulleres dos grupos quen están presentes, dado que elas están integradas en estruturas democráticas.

Isto levou a que se cambiasen algunhas das persoas presentes nestes organismos e que

fosen as mulleres activas e responsables dos grupos as que pasasen a formar parte deles de xeito exclusivo (antes había voluntariado sanitario ou de xénero que non tiña por que formar parte dos grupos necesariamente, a maneira de escoller estar persoas non ficaba clara e impedía a sustentabilidade).

A partir desta reorganización os consellos de suburbio/aldea chegaron ás seguintes resolucións para o 2014:

- O Consello de suburbio/aldea solicitará aos GAM que cubran os gastos do honorario mensual das animadoras.
- As familias das crianzas que acoden ás clases de apoio terán que pagar unha pequena cota para o salario da animadora.
- As integrantes dos consellos darán apoio ás actividades existentes, incluída a formación de novos grupos.
- Cada consello de suburbio designará representantes para o Consello Comunitario e tamén compartirán as decisións tomadas a este nivel.

Para chegar a estas resolucións organizouse unha formación de dous días para comprender ben as responsabilidades dos consellos, a súa forma de funcionar, etc.

2.6. Outras actividades

PDI fixo esforzos para organizar actividades a maiores das planificadas, sobre todo en colaboración con alumnado de traballo social, para o beneficio da comunidade do programa. Así, en V.M. Pettai organizouse unha charla sobre a importancia da hixiene ambiental á que asistiron 35 mulleres. En Chinnasamy Nagar falouse da importancia dos negocios para os GAM, unha actividade á que asistiron 65 mulleres. Finalmente, en Kaja Nagar organizouse un evento sobre a importancia da educación ao que asistiron 30 alumnas e alumnos e 40 familias.

3. ORZAMENTO

A seguir presentamos o balance de ingresos e gastos do programa, que foi financiado de forma exclusiva grazas ás cotas de socias e socios e ao traballo do voluntariado de Implicadas.

Ingresos	Rupias	Euros	Gastos	Rupias	Euros
Balance de apertura					
En man	1063,00	18,33	Xuntanzas do persoal	6495,00	111,98
No banco	105198,25	1813,76	Material de oficina	6350,00	109,48
Transferencias de Implicadas	1877288,00	32367,03	Teléfono e correos	26144,00	450,76
Intereses	10156,00	175,10	Desprazamentos persoal	55661,00	959,67
			Coordinación	36000,00	620,69
			Gastos xerais	12700,00	218,97
			Documentación	4472,00	77,10
			Alugueiro e electricidade	139119,00	2398,60
			Salario secretaria oficina	36000,00	620,69
			Honorario director do programa	60000,00	1034,48
			Honorario instructora informática	42000,00	724,14
			Desprazamentos centro de atención as mulleres	9000,00	155,17
			Línea telefónica centro de atención	9000,00	155,17
			Salarios persoal non de base	360000,00	6206,90
			Honorario animadoras	147100,00	2536,21
			Salario contable	60000,00	1034,48
			Mantemento ordenadores	3500,00	60,34
			Auditoría	3500,00	60,34
			Formación GAM	5805,00	100,09
			Formación membros do consello	4368,00	75,31
			Formación voluntariado sanitario	1014,00	17,48
			Obradoiro escrita	8775,00	151,29
			Obradoiro fotografía	8618,00	148,59
			Avaliación de Implicadas	24320,25	419,31
			Transferencia a Salem	891372,00	15368,48
			Balance de peche		
			en man	3214,00	55,41
			no banco	29178	503,07
	1993705,25	34374,23		1993705,25	34374,23

Estudos de caso



Shivasakthi ten 31 anos e ten tres fillos e unha filla. O persoal de PDI animouna a que adoptase medidas de planificación familiar que completou hai seis meses. É integrante do GAM de Sathya Nagar e asistiu ao curso de fotografía organizado por PDI. Interesáballe moito a fotografía e o obradoiro ao que fun axudoulle moito. Shivasakthi

desexa poder dedicarse á fotografía no futuro.



Kalarani vive en Aathupatty, Thuvankurichi. O seu pai é xornaleiro e a súa nai traballa no programa do goberno de "100 días de traballo ao ano". Ten tres irmás maiores e un irmán menor. As dúas irmás maiores están casadas e a outra irmá traballa nunha tenda de costura. O irmán está estudando 9º curso. Kalarani fixo o curso de costura de PDI para mellorar a súa situación e cando remate

ten previsto coser na súa casa para apoiar a súa familia.



Maheswari vive en Sathya nagar e ten 3 fillas. A súa sogra non quería que se sometese a unha operación de planificación familiar pero o persoal do programa convenceuna a ela e ao seu home e Maheswari puido por fin exercer o dereito a decidir sobre o seu corpo e non ter máis crianzas.



Ponnumani vive en Thethur, Thuvrankurichi. Ten dúas crianzas e forma parte dun GAM. Grazas a isto accedeu a un crédito do programa e conseguiu mercar unha máquina de coser, coa que agora ten un negocio na aldea, que lle axudou a mellorar os seus ingresos.